



PLAN
ESTRATÉXICO DA
FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL
2020-2023

FEGADACE
FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL }

PLAN ESTRATÉXICO DA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL 2020-2023



Santiago de Compostela, setembro de 2020

Coordinación: Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace)

Asistencia técnica na elaboración: Retnova Proxectia Consulting



RETNOVA
ProxectiaConsulting

retnova@retnova.com
www.retnova.com

Índice

PRESENTACIÓN.....	4
1. INTRODUCCIÓN	6
2. PROCESO DE ELABORACIÓN.....	8
3. A FEDERACIÓN. CARACTERIZACIÓN BÁSICA.....	13
3.1.DESCRICIÓN BÁSICA DA FEGADACE	13
3.2 O MOVEMENTO ASOCIATIVO EN CIFRAS.....	14
3.3 O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO	15
3.4 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.....	16
3.5 MISIÓN E VISIÓN DA FEDERACIÓN	17
3.6 ACTUAIS DEMANDAS ESTRATÉXICAS DO MOVEMENTO ASOCIATIVO	18
4. FINALIDADE E VIXENCIA DO PLAN	20
4.1 FINALIDADE	20
4.2 VIXENCIA	20
5. ESTRUTURA DO PLAN	21
6. PROGRAMA DE ACCIÓNS.....	26
LIÑA ESTRATÉXICA 1. ACCIÓN POLÍTICA E FORTALECEMENTO DA PRESENZA SOCIAL DA FEDERACIÓN.....	27
LIÑA ESTRATÉXICA 2. COMUNICACIÓN EXTERNA E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL SOBRE O DANO CEREBRAL....	36
LIÑA ESTRATÉXICA 3. PROXECTOS E PROGRAMAS PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA	45
LIÑA ESTRATÉXICA 4. CRECEMENTO E COHESIÓN ASOCIATIVA.....	50
LIÑA ESTRATÉXICA 5. CONSOLIDACIÓN ESTRUTURAL E SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA DA FEDERACIÓN	60
7. SEGUIMENTO E A AVALIACIÓN.....	71
ANEXO: TÁBOA RESUMO DO PROGRAMA DE ACCIÓNS.....	73

PRESENTACIÓN

Queridas amigas e amigos,

Este plan que agora presentamos pretende ser o plan que consolide a cohesión do movemento asociativo galego de dano cerebral, incrementando a relevancia e a proxección social da Federación. É por iso que pretendemos que, ademais de ser ambicioso, sexa pragmático e realizable, buscando, coas accións contidas nas súas cinco liñas estratéxicas e os conseguíntes obxectivos operativos, estender o coñecemento que do dano cerebral adquirido ten a sociedade galega, dar resposta ás necesidades das persoas con dano cerebral e as súas familias, cohesionarnos e manernos como referente do movemento asociativo da nosa discapacidade en Galicia.

Aínda que é certo que o grao de cumprimento do anterior Plan Estratéxico pode considerarse razoablemente alto, inclúense nesta nova planificación aqueles obxectivos que non foron totalmente despregados, incorporando así mesmo novas liñas estratéxicas, cos seus correspondentes obxectivos, resultados e metas a conseguir no período definido.

Creo importante salientar que, froito da análise, decidiuse dar un marco temporal máis amplo que o anterior Plan Estratéxico, pasando de dous a catro anos. Acompañando a este marco temporal, realizouse unha nova redacción, máis realista, acorde e actualizada cos fins da Federación, da Misión e Visión da Fegadace. Ademais, con carácter anual desenvolveranse as programacións operativas que permitirán a planificación priorizada de cada unha das liñas estratéxicas.

Quero expresar o meu agradecemento e recoñecemento a todas as persoas que participaron na elaboración deste plan: dirección e equipo técnico da Fegadace, direccións das asociacións federadas, equipo de Retnova e, por suposto, ás miñas compañeiras e compañeiros da Xunta Directiva. Malia que o desenvolvemento deste proceso de planificación estivo fortemente condicionado polo contexto de emerxencia

social derivado da crise epidemiolóxica causada pola COVID-19, todas as persoas implicadas deron o mellor de si mesmas. Moitas grazas.

Luciano Fernández Pintor

Presidente

1. INTRODUCCIÓN

A Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) presenta nas seguintes páxinas o seu Plan Estratéxico para o período 2020-2023, un plan con vocación de servir de folla de ruta para operativizar a acción da organización e do conxunto do movemento asociativo, situar o dano cerebral na axenda social de Galicia e conseguir os apoios e recursos necesarios para as persoas con dano cerebral e as súas familias.

Como instrumento de planificación, o Plan Estratéxico sistematiza metas e obxectivos que se queren acadar nun horizonte temporal definido, a través dun conxunto ordenado de accións que permitirán consolidar o papel da Federación e as entidades como principais referentes na atención ao dano cerebral adquirido na comunidade autónoma e fortalecer a estrutura da organización, para continuar despregando toda unha acción coordinada nos distintos ámbitos.

Este plan é froito do consenso entre as asociacións integrantes, órganos de goberno e equipo técnico da Federación, de aí a importancia da coordinación entre todas as entidades e a propia Federación, de cara a alcanzar as metas e os obxectivos propostos. O plan, compromete, polo tanto, ao conxunto das asociacións federadas, xa que delas depende en boa medida a continuidade do labor do movemento asociativo e o éxito do traballo que veñen desenvolvendo para dar resposta á escaseza de recursos existentes para as persoas con dano cerebral e as súas familias.

O horizonte temporal do plan que se presenta é de catro anos e desenvolverase a través de programas operativos de periodicidade anual.

Sustentado en cinco liñas estratéxicas, a estrutura do Plan Estratéxico quere dar resposta aos principais retos presentes e de futuro para a Federación e as entidades. Estas liñas estratéxicas son :

- Liña estratéxica 1. Acción política e fortalecemento da presenza social da federación.
- Liña estratéxica 2. Comunicación externa e sensibilización social sobre o dano cerebral.
- Liña estratéxica 3. Proxectos e programas para a mellora da calidade de vida.
- Liña estratéxica 4. Crecemento e cohesión asociativa.
- Liña estratéxica 5. Consolidación estrutural e sustentabilidade económica da federación.

Polo que respecta á organización dos contidos do presente documento, exponse a seguir a súa ordenación nos seguintes capítulos:

- Tras desta introdución, no capítulo 2 descríbese o proceso desenvolvido para a elaboración do plan.
- Un terceiro capítulo artículase como marco contextual sobre o movemento asociativo do dano cerebral; cuns breves apuntamentos sobre o dano cerebral, a caracterización básica da Fegadace, das entidades federadas e do seu funcionamento e organización, a misión e visión da Federación e as actuais demandas estratéxicas.
- O cuarto capítulo recolle a finalidade e a vixencia do plan.
- O capítulo 5 describe a estrutura xeral do plan, articulada en liñas estratéxicas e obxectivos.
- O sexto capítulo constitúe a parte central do documento: o programa de accións estratéxicas a desenvolver nos distintos ámbitos no horizonte 2023.
- O capítulo 7 inclúe uns apuntamentos de carácter xeral para a realización do seguimento e avaliación do plan.
- Por último, o documento inclúe como anexo unha táboa que condensa, a xeito de resumo, as liñas estratéxicas, obxectivos, accións e a temporización do plan.

2. PROCESO DE ELABORACIÓN

A elaboración do presente plan baseouse nunha metodoloxía netamente participativa. Tendo en conta a natureza deste instrumento de planificación, a participación das asociacións integrantes e do persoal técnico ao servizo da Federación constituían unha peza esencial para a identificación de necesidades e liñas de acción futuras. Só a través dunha metodoloxía que dese voz ás persoas representantes das distintas entidades, así como ao persoal directivo e técnico, directamente concernido e implicado, podía deseñarse un plan acaído, realista e efectivo para facer fronte ás necesidades e retos de futuro da organización.

A continuación descríbese o proceso metodolóxico desenvolvido para a elaboración do plan:

1) Diagnose previa

A elaboración dun plan estratéxico no seo de calquera organización require dun diagnóstico que achegue información relevante sobre a súa situación actual, co obxectivo de detectar os elementos sobre os que é preciso actuar para lograr as metas propostas. Neste sentido, a diagnose realizada tiña por obxectivo comprobar se as metas propostas no período anterior foron alcanzadas, pero tamén determinar se estas seguen sendo vixentes e necesarias no momento actual e/ou se teñen que ser complementadas con novos retos a partir de novas necesidades, e as consecuentes pautas de actuación para resolvelas, que permitan avanzar na consecución dos seus obxectivos.

Tras unha análise exhaustiva previa da documentación de carácter interno facilitada pola Fegadace (Plan Estratéxico 2016-2018, Plan de comunicación, memorias anuais etc.), de utilidade para a fase diagnóstico pero tamén para a propia elaboración do plan, desenvolveuse unha primeira mesa de traballo.

Nesta mesa de traballo participaron todas as entidades que conforman a Fegadace, combinando integrantes da Xunta directiva con persoal técnico e directivo, tanto da federación como das entidades federadas. A través deste grupo de traballo pretendíase contar coas achegas de todo o elenco de asociacións federadas co fin de obter información o máis completa posible sobre a situación actual, para comezar a identificar posibles necesidades e aspectos de mellora que puidesen ser obxecto do futuro plan estratéxico.

Tras a realización desta xuntanza elaborouse un informe preliminar, correspondente a esta primeira fase diagnóstica, documento que foi validado por parte da Fegadace e entidades integrantes e no que se analiza a información obtida coa realización desta reunión do grupo de traballo: desde a valoración e reformulación da misión, visión e valores da organización; cuestións relacionadas co funcionamento e a organización interna da Federación; a situación e contexto actual, ata a valoración do grao de desenvolvemento do Plan Estratéxico 2016-2018 e o Plan Operativo anual 2019. Incluíuse tamén unha análise DAFO da organización.

2) Elaboración do Plan Estratéxico

Na fase de deseño e elaboración do plan continuouse aplicando unha metodoloxía de carácter participativo.

Deseño da estrutura do plan

O primeiro paso consistiu no deseño da estrutura base do plan. Para isto, a partir dos resultados da diagnose realizada, elaborouse unha primeira proposta de contidos básicos, isto é, de ámbitos prioritarios de actuación, para a súa valoración e validación, no seu caso, por parte das entidades, representantes da Federación e persoal técnico e directivo. Para isto elaborouse un documento de traballo (ficha) que foi remitido a todas as entidades e á propia Fegadace para recompilar as súas achegas de cara á identificación dos ámbitos prioritarios, para a súa consideración como posibles áreas ou liñas de actuación e os seus correspondentes obxectivos xerais e específicos.

Ademais, este instrumento de traballo permitía recoller propostas concretas de accións en cada un dos ámbitos sinalados.

Condensada a información recibida nun único documento de traballo, desenvolveuse unha segunda xuntanza, a xeito de posta en común e valoración das achegas formuladas por parte das persoas integrantes do grupo de traballo.

Elaboración do programa de accións

A partir das achegas realizadas a través das fichas remitidas desde as entidades e a Federación e dos resultados da dinámica grupal desa segunda reunión, procedeuse á elaboración dun primeiro borrador, cunha proposta de estrutura matriz e accións do plan. A dita proposta foi tamén remitida ás asociacións, directiva e equipo técnico da Federación para a súa valoración, recollida de novas propostas de actuación e/ou modificacións.

Recibidas e analizadas as achegas coa Dirección da Fegadace, procedeuse á elaboración dun segundo borrador que foi remitido de novo a todas as partes.

Esta segundo proposta do plan foi sometida a valoración final nunha terceira xuntanza de traballo¹ -xa en termos xa de ratificación ou eventual supresión dalgunha das accións recollidas-, reunión que serviu ademais para calendarizar cada unha das accións do plan.

Aprobación

Validación final do documento do plan

Unha vez elaborado o presente documento do Plan Estratéxico, remitiuse novamente, na súa versión completa, para a súa validación polas entidades, directiva e equipo técnico da Fegadace.

¹ Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 e á instauración do estado de alarma en España, tanto a segunda como a terceira reunión de traballo non tiveron carácter presencial, senón que foron realizadas a través dun sistema de videoconferencia.

Aprobación

O Plan Estratéxico da Federación Galega de Dano Cerebral foi presentado e aprobado pola Xunta Directiva celebrada o día 16 de setembro de 2020 e presentado e referendado na Asemblea Extraordinaria de Socios o 19 de setembro do 2020.

O seguinte cadro recolle a relación das persoas asistentes ás distintas xuntanzas de traballo desenvolvidas ao longo do proceso, as cales, coa colaboración doutras persoas de cadanseus equipos, participaron na análise, concreción e consenso de propostas de acción, no marco de elaboración do Plan Estratéxico que aquí se presenta.

CADRO 1. RELACIÓN DAS PERSOAS ASISTENTES ÁS XUNTANZAS DE TRABALLO PARA A ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO

NOME E APELIDOS	CARGO	ENTIDADE DE REFERENCIA
Luciano Fernández Pintor	Presidente	Fegadace/ SARELA
Luisa Ramírez Nisa	Vicepresidenta	Fegadace / ADACECO
Fidel Castro Rodríguez	Secretario	Fegadace /ALENTO
Mª Dolores Naval Blanco	Tesoureira	Fegadace / RENACER
Laura Abeledo Lameiro	Vogal	Fegadace / ADACE
Iria Abel Parga	Directora	ADACE-Lugo
Natalia de Llano García	Directora	ADACECO-Coruña
Gonzalo Mira Villar	Xerente	ALENTO-Vigo
Noelia Luque Gómez	Directora	RENACER-Ourense
Rocío García Calvo	Directora	SARELA-Santiago
Begoña Hermida Val	Directora	Fegadace
Irene Cancelas Sánchez	Responsable de Comunicación	Fegadace
Adolfo González Rodríguez	Responsable de Proxectos	Fegadace
Enrique Calvo Gómez	Traballador social	Fegadace
David Otero Janeiro	Técnico substituto (áreas de Comunicación e Proxectos)	Fegadace

NOME E APELIDOS	CARGO	ENTIDADE DE REFERENCIA
Rosa Blanca Torrado Carreño	Directora	Retnova
María Vidal Martínez	Técnica	Retnova
Iria Blanco Vidal	Técnica	Retnova
Julia Cabrera Campoy	Técnica	Retnova

3. A FEDERACIÓN. CARACTERIZACIÓN BÁSICA

3.1. DESCRICIÓN BÁSICA DA FEGADACE

A Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) representa a case 1.900 familias de persoas con dano cerebral adquirido. Constitúese en maio de 2007 polas cinco asociacións galegas de dano cerebral:

- Asociación de Dano Cerebral de A Coruña – ADACECO.
- Asociación de Dano Cerebral Adquirido de Lugo- ADACE.
- DCA Ourense Renacer.
- Alento- Asociación de Dano Cerebral, situada en Vigo.
- Asociación Sarela, situada en Santiago de Compostela.

A Fegadace está declarada Asociación de Utilidade Pública desde o 20 de decembro de 2013. É unha organización non gobernamental, privada sen ánimo de lucro, independente, apartidista e aconfesional comprometida coa defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral.

A Federación Galega de Dano Cerebral persegue a plena inclusión e a mellora da calidade de vida dos galegos e galegas con dano cerebral e das súas familias. Pretende sensibilizar a sociedade en xeral con respecto á dimensión desta discapacidade, implicar as institucións e cantas iniciativas se dirixan a resolver os retos da rehabilitación, inclusión e normalización social do colectivo.

A Fegadace desenvolve o seu labor dentro dos seguintes ámbitos de actuación:

- Apoio e asistencia ás entidades federadas e familias de persoas con dano cerebral.
- Información, sensibilización, divulgación e investigación sobre o dano cerebral.

- Intervención e desenvolvemento de programas e proxectos dirixidos ás entidades federadas e ás persoas con dano cerebral e ás súas familias.
- Captación de fondos.
- Representatividade e incidencia política.

3.2 O MOVEMENTO ASOCIATIVO EN CIFRAS

Na actualidade, o movemento asociativo do dano cerebral en Galicia representa a 1.893 persoas socias, a meirande parte persoas socias con dano cerebral (1.178). A Asociación Sarela (Santiago de Compostela) e ADACECO (A Coruña), son as entidades con maior número de persoas asociadas.

O total de profesionais ascende a 120 -incluíndo a 4 persoas traballadoras da propia Federación-, sendo Alento (Vigo) a asociación con maior número de persoal empregado: 51 traballadoras e traballadores.

CADRO 2. DATOS DE PERSOAL, PERSOAS SOCIAS E VOLUNTARIAS POR ASOCIACIÓN E EN TOTAL (DATOS A DECEMBRO DE 2019)

ENTIDADE	PROFESIONAIS	PERSOAS SOCIAS	PERSOAS SOCIAS CON DANO CEREBRAL	VOLUNTARIADO
Asociación de Dano Cerebral de A Coruña – ADACECO	20	457	259	2
Asociación de Dano Cerebral Adquirido de Lugo- ADACE	9	236	115	2
Alento- Asociación de Dano Cerebral	51	294	228	21
DCA Ourense Renacer	9	238	75	10
Asociación Sarela	27	668	501	16
Fegadace	4	*asóciense ás entidades	*asóciense ás entidades	*non ten programas específicos
TOTAL	120	1.893	1.178	51

3.3 O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

O dano cerebral adquirido é a discapacidade resultante dunha lesión que se produce nas estruturas cerebrais de forma súbita en persoas que naceron sen dano ningún no cerebro, provocando diferentes secuelas. A lesión pode estar causada por unha enfermidade (ictus, tumor cerebral, anoxia, doenza metabólica etc.) ou por un traumatismo craneoencefálico (motivado por un accidente de tráfico, accidente laboral, un golpe, unha caída etc.).

As secuelas do dano cerebral son diferentes e heteroxéneas, e xeran distintos tipos e niveis de discapacidade segundo a persoa e a lesión. Co dano cerebral adquirido perde sentido falar de discapacidade física, psíquica ou sensorial: son moitas ao mesmo tempo, e preséntanse en diferentes proporcións e intensidades segundo a persoa.

O dano cerebral chega de súpeto, modificando totalmente os proxectos de vida. As consecuencias do dano cerebral engloban cambios profundos en todos os ámbitos vitais, tanto para a persoa con dano cerebral como para a familia e o seu medio social.

Na actualidade, o número estimado de persoas con dano cerebral adquirido en Galicia é de preto de 36.000 e cada ano prodúcese un mínimo de 7.000 novos casos.

O movemento asociativo do dano cerebral xorde no ano 2000, co nacemento de tres das cinco entidades federadas -ADACECO, Alento e Sarela-, para dar solución á falta de recursos de atención para estas persoas e as súas familias, así como para situar esta discapacidade na axenda política e social, para unha mellor resposta das distintas administracións, nomeadamente das competentes no ámbito sanitario e social.

3.4 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

A Fegadace reúne as cinco asociacións de dano cerebral de referencia en Galicia anteriormente mencionadas.

Os órganos de goberno da Federación son a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

- ⇒ A Asemblea Xeral é o órgano de goberno e representación da Federación e está composta polas presidentas e presidentes das asociacións federadas e polas persoas que compoñen a Xunta Directiva.
- ⇒ A Xunta Directiva está composta por cinco persoas, unha por cada unha das asociacións federadas.

A Federación exerce a representación do movemento asociativo do dano cerebral no nivel autonómico. É responsable do establecemento e mantemento de alianzas estratéxicas, participación en plataformas/redes, coordinación de diferentes actores de discapacidade, en xeral, e do dano cerebral en particular etc. Ademais, desenvolve tarefas que inicialmente recaían nas asociacións (e/ou na federación estatal), como é o caso da xestión de subvencións durante todo o ciclo das mesmas: solicitude, formulación, execución, seguimento e xustificación. Asume a execución de proxectos propios, como os de sensibilización, divulgación e información, ademais dos de investigación social.

En canto ás áreas de traballo, a Federación presenta na actualidade a seguinte estrutura:

- Área de Dirección.
- Área de Comunicación.
- Área de Proxectos.
- Área de Xestión Económica.

A Fegadace non conta con voluntariado. Este xestiónase directamente desde as asociacións que é onde ten lugar a intervención e a atención directa ás persoas usuarias.

3.5 MISIÓN E VISIÓN DA FEDERACIÓN

Durante o proceso de elaboración do presente plan realizouse unha revisión e adaptación dos textos definatorios da misión e visión da Fegadace.

Esta revisión respondeu á necesidade de adaptar ambas as dúas definicións á realidade actual do movemento asociativo do dano cerebral e á evolución e consolidación do labor das entidades e da Federación ao longo dos últimos anos.

Consensuáronse, pois, as seguintes definicións:

Misión

Fegadace é a entidade social que une, dinamiza e representa o movemento asociativo do dano cerebral en Galicia, cuxo obxectivo é desenvolver a acción social, institucional e técnica para acadar a autonomía e a mellora da calidade de vida das persoas con dano cerebral e das súas familias.

Visión

Fegadace representa a un movemento asociativo consolidado, forte e cohesionado que traballa para visibilizar o dano cerebral e situalo na axenda social de Galicia, na perspectiva de seguir mellorando o seu coñecemento, achegar ás persoas con dano cerebral e ás súas familias un óptimo acceso aos recursos e facilitarlles o pleno exercicio dos seus dereitos de cidadanía.


3.6 ACTUAIS DEMANDAS ESTRATÉXICAS DO MOVEMENTO ASOCIATIVO

Na actualidade, as demandas estratéxicas do movemento asociativo coas que se quere dar unha resposta integral para a mellora da asistencia ao dano cerebral son as seguintes:

Estratexia Galega de Atención ao dano cerebral. Con ela quérese garantir a máxima calidade de vida posible para persoa con dano cerebral e lograr unha coordinación sociosanitaria que garanta a continuidade asistencial durante todas as fases da discapacidade (aguda, subaguda e crónica).



Censo de persoas con Dano Cerebral Adquirido en Galicia. Co obxectivo de obter cifras reais de persoas con dano cerebral, o que require nun primeiro paso dispoñer dun **código diagnóstico DCA**, para coñecer a dimensión real do problema, e así poder analizar de forma obxectiva as necesidades de atención, para finalmente elaborar programas e políticas de atención ás persoas con dano cerebral e ás súas familias, que inclúan unha asignación exhaustiva dos recursos sociosanitarios necesarios para garantir a calidade de vida e inclusión social.



Atención universal e inclusiva. Que inclúa a familia como parte beneficiaria (prestando especial atención ás mulleres cuidadoras) e que contemple as necesidades específicas de persoas en estado de mínima conciencia, de menores con dano cerebral, de persoas con alteracións graves da conduta e da poboación residente fóra de núcleos urbanos.



Impulso á investigación epidemiolóxica e sociolóxica, e en programas e técnicas para a prevención, tratamento, rehabilitación e produtos de apoio para a autonomía das persoas con dano cerebral.

Fin dos copagamentos. A súa aplicación representa unha carga económica para as familias das persoas con dano cerebral, provocando que mesmo se vexan obrigadas a renunciar a recursos asistenciais por imposibilidade de asumir o seu custo, o que desemboca nunha iniquidade real na accesibilidade á atención socio sanitaria destas persoas.

Colaboración Administración-movemento asociativo do dano cerebral efectiva que garanta o traballo coordinado no que respecta á planificación, asignación, xestión, control e transparencia na prestación dos servizos de atención ao colectivo.

4. FINALIDADE E VIXENCIA DO PLAN

4.1 FINALIDADE

O Plan Estratéxico da Federación Galega de Dano Cerebral ten por principais obxectivos para os vindeiros anos:

- ⇒ Avanzar no coñecemento sobre o dano cerebral no conxunto da sociedade, así como na defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral e das súas familias.
- ⇒ Reforzar o papel da Federación como referente principal na representación das persoas con dano cerebral e as súas familias e na defensa dos seus dereitos.
- ⇒ Fortalecer o traballo conxunto das entidades e a Federación para garantir un óptimo acceso aos distintos recursos e a prestación dunha atención transversal e de calidade ás persoas con dano cerebral e as súas familias.
- ⇒ Medrar e avanzar na cohesión do movemento asociativo como garantía de mellora da acción conxunta.


4.2 VIXENCIA

Para a consecución dos principais retos descritos, o presente Plan Estratéxico terá unha vixencia de catro anos, estando previsto o seu desenvolvemento ao longo do período 2020-2023.

Se ao termo da súa vixencia non se diseña e aproba un novo plan, entenderase prorrogado o contido do actual, coas modificacións que se consideren oportunas froito do seu seguimento e avaliación.

5. ESTRUTURA DO PLAN

O Plan Estratéxico da Federación Galega de Dano cerebral 2020-2023 presenta a seguinte estrutura, conformada por tres elementos, cuxo esquema e definición se sinalan a continuación.



Esquema dos elementos estruturais do plan.

- As liñas estratéxicas representan os ámbitos prioritarios de actuación da Federación nos vindeiros anos. Asociado a cada unha das liñas, o obxectivo estratéxico define a meta ou obxectivo xeral pretendido e, polo tanto, coincide coa estratexia de acción global e estrutural que se busca impulsar.
- Os obxectivos operativos constitúen as metas concretas que permitirán a consecución do obxectivo estratéxico de cada unha das liñas.
- No último nivel sitúanse as accións ou propostas concretas de actuación para acadar cadanseu obxectivo operativo.

As liñas estratéxicas do plan son as seguintes:

Liña estratéxica 1	<ul style="list-style-type: none">• ACCIÓN POLÍTICA E FORTALECIMENTO DA PRESENZA SOCIAL DA FEDERACIÓN
Liña estratéxica 2	<ul style="list-style-type: none">• COMUNICACIÓN EXTERNA E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL SOBRE O DANO CEREBRAL
Liña estratéxica 3	<ul style="list-style-type: none">• PROXECTOS E PROGRAMAS PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA
Liña estratéxica 4	<ul style="list-style-type: none">• CRECEMENTO E COHESIÓN ASOCIATIVA
Liña estratéxica 5	<ul style="list-style-type: none">• CONSOLIDACIÓN ESTRUTURAL E SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA DA FEDERACIÓN

O seguinte cadro detalla as liñas estratéxicas cos seus respectivos obxectivos estratéxicos e operativos:

CADRO 3. ESTRUCTURA DO PLAN: LIÑAS ESTRATÉGICAS, OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS E OBXECTIVOS OPERATIVOS DO PLAN

LIÑA ESTRATÉGICA 1: ACCIÓN POLÍTICA E FORTALECEMENTO DA PRESENZA SOCIAL DA FEDERACIÓN	
<p>OBXECTIVO ESTRATÉGICO</p> <p>Consolidar o papel da Federación como referente principal na atención ao dano cerebral en Galicia.</p>	<p>OBXECTIVOS OPERATIVOS</p> <p>1.1 Reforzar a incidencia política da Fegadace nos ámbitos de actuación prioritarios.</p> <p>1.2 Intensificar a presenza da Federación a través da participación en foros especializados e doutras accións que sitúen o dano cerebral na axenda social galega.</p>
LIÑA ESTRATÉGICA 2: COMUNICACIÓN EXTERNA E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL SOBRE O DANO CEREBRAL	
<p>OBXECTIVO ESTRATÉGICO</p> <p>Estender o coñecemento do dano cerebral a través da sensibilización e a prevención, á vez que se amplía a proxección externa do labor da Federación e do movemento asociativo.</p>	<p>OBXECTIVOS OPERATIVOS</p> <p>2.1 Incrementar o coñecemento do dano cerebral na sociedade.</p> <p>2.2 Proxectar unha imaxe corporativa común e aliñada da Federación e das entidades que a integran.</p> <p>2.3 Afianzar as estratexias de prevención do dano cerebral e a promoción de hábitos saudables.</p>
LIÑA ESTRATÉGICA 3: PROXECTOS E PROGRAMAS PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA	
<p>OBXECTIVO ESTRATÉGICO</p> <p>Mellorar o coñecemento e a atención ao dano cerebral a través do impulso de proxectos e programas, nomeadamente daqueles con maior compoñente de innovación.</p>	<p>OBXECTIVOS OPERATIVOS</p> <p>3.1 Fomentar a investigación público-privada sobre o dano cerebral e o desenvolvemento de proxectos propios neste ámbito.</p> <p>3.2 Consolidar a función de apoio e asesoramento ás asociacións para a mellora, homoxeneización e estandarización dos procesos organizativos.</p>

LIÑA ESTRATÉGICA 4: CRECEMENTO E COHESIÓN ASOCIATIVA

OBXECTIVO ESTRATÉGICO

Avanzar no crecemento da Federación a través do traballo conxunto das entidades e a expansión do movemento asociativo.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

- 4.1 Reforzar o traballo coordinado das asociacións co fin de homoxeneizar procedementos e mellorar a prestación de servizos.
- 4.2 Aumentar o tecido asociativo e a base social do movemento representativo do dano cerebral.

LIÑA ESTRATÉGICA 5: CONSOLIDACIÓN ESTRUTURAL E SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA DA FEDERACIÓN

OBXECTIVO ESTRATÉGICO

Fortalecer a estrutura da organización para a mellora dos procesos organizativos e de xestión e asegurar a sustentabilidade económica da Federación.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

- 5.1 Reforzar a estrutura, a organización interna e a acción operativa da Federación en todos os seus niveis.
- 5.2 Promover a diversificación na captación de fondos e o autofinanciamento.
- 5.3 Mellorar a optimización dos recursos e avanzar na xestión de calidade e a organización de procesos.

Por último, o seguinte cadro condensa a estrutura do plan: un total de cinco liñas estratéxicas, 12 obxectivos operativos e 65 accións:

CADRO 4. ESTRUTURA DO PLAN: CÓMPUTO DE OBXECTIVOS E ACCIÓNS

ESTRUTURA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FEGADACE 2020-2023		
LIÑA ESTRATÉXICA 1: ACCIÓN POLÍTICA E FORTALECIMENTO DA PRESENZA SOCIAL DA FEDERACIÓN		
1 OBXECTIVO XERAL	2 OBXECTIVOS OPERATIVOS	11 ACCIÓNS
LIÑA ESTRATÉXICA 2: COMUNICACIÓN EXTERNA E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL SOBRE O DCA		
1 OBXECTIVO XERAL	3 OBXECTIVOS OPERATIVOS	13 ACCIÓNS
LIÑA ESTRATÉXICA 3: PROXECTOS E PROGRAMAS PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA		
1 OBXECTIVO XERAL	2 OBXECTIVOS OPERATIVOS	6 ACCIÓNS
LIÑA ESTRATÉXICA 4: CRECIMENTO E COHESIÓN ASOCIATIVA		
1 OBXECTIVO XERAL	2 OBXECTIVOS OPERATIVOS	16 ACCIÓNS
LIÑA ESTRATÉXICA 5: CONSOLIDACIÓN ESTRUTURAL E SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA DA FEDERACIÓN		
1 OBXECTIVO XERAL	3 OBXECTIVOS OPERATIVOS	19 ACCIÓNS
TOTAL LIÑAS ESTRATÉXICAS		
5 OBXECTIVOS XERAIS	12 OBXECTIVOS OPERATIVOS	65 ACCIÓNS

O programa de accións que a continuación se presenta estrutúrase en cinco apartados diferenciados, correspondentes a cada unha das liñas estratéxicas do plan. Tras un texto introdutorio sobre a pertinencia das accións deseñadas, a información preséntase en táboas nas que, para cada unha das accións engádense os seguintes elementos:

- O/s axente/s responsable/s, isto é, a especificación de se se trata dunha acción executable pola Federación ou por esta en coordinación coas entidades.
- Os indicadores de medición: aqueles destinados ao seguimento e verificación da implantación ou desenvolvemento de actuacións para o cumprimento da acción.
- A temporización: a previsión de execución nun, varios ou en todos os anos do período de vixencia.

6. PROGRAMA DE ACCIÓNS

LIÑA ESTRATÉGICA 1. ACCIÓN POLÍTICA E FORTALECIMENTO DA PRESENZA SOCIAL DA FEDERACIÓN

A través desta primeira liña estratéxica quérese consolidar todo o labor que desenvolve a Fegadace como referente principal na atención ao dano cerebral no ámbito autonómico.

Conseguir o adecuado recoñecemento do dano cerebral como unha discapacidade que se manifesta en múltiples niveis e que require de estratexias de acción integral nas distintas fases debendo garantirse os recursos necesarios, representa todo un reto de traballo para o movemento asociativo e a súa representación, a Federación.

Así, a Fegadace ten como desafío para os vindeiros anos fortalecer a súa presenza e incidencia nos distintos ámbitos e situar o dano cerebral na axenda social de Galicia.

Como primeiro obxectivo, reforzase o labor de incidencia política nos ámbitos de actuación prioritarios. Neste sentido, consolidaranse as estratexias e liñas de traballo xa iniciadas, como o a reivindicación para o inicio do proceso de elaboración do Proceso Asistencial Integrado do dano cerebral (PAI) ou a continuidade dos traballos a través da participación na Comisión Sociosanitaria establecida entre o CERMI e os departamentos autonómicos con competencias en sanidade e políticas sociais.

Ademais, seguirase a impulsar a necesidade de elaboración por parte dos mesmos departamentos autonómicos da referida Estratexia Galega de Atención ao Dano Cerebral para garantir unha mellor coordinación e a continuidade asistencial, así como a creación dun Observatorio autonómico do dano cerebral con representantes dos distintos ámbitos.

O recoñecemento da dimensión e especificidades do dano cerebral e o avance no seu coñecemento para a mellora asistencial require así mesmo dunha estratexia de acción en distintos campos, enfocada ao establecemento de colaboracións con distintas

administracións e institucións, así como con entidades do ámbito científico e profesional, estratexia que tamén se impulsará nos próximos anos.

Será no marco desta esfera de incidencia política na que se encadrarán outras actuacións máis específicas relacionadas coas demandas actuais do movemento asociativo anteriormente aludidas, como o impulso da elaboración do Censo de persoas con Dano Cerebral Adquirido en Galicia, co fin de coñecer a prevalencia desta discapacidade, e o establecemento dun Código diagnóstico de dano cerebral que permita dimensionar o problema, así como que as correctas valoracións de discapacidade e dependencia en función dese código diagnóstico.

Ademais, levaranse a cabo accións concretas para apoiar ás entidades nas relacións cos servizos sociais municipais que permitan promocionar o movemento asociativo como recurso directo para o dano cerebral.

A plena inclusión das persoas con dano cerebral en todos os ámbitos (educativo, laboral etc.) é aínda un reto por conseguir, polo que garantir os seus dereitos require dunha acción estratéxica de reivindicación e denuncia en colaboración coas familias que terá tamén continuidade a través deste plan.

Outro dos obxectivos establecidos será intensificar a presenza e a participación da Federación en foros especializados e impulsar outras accións que sitúen o dano cerebral na axenda social. Incrementarase, polo tanto, a presenza e a participación da Fegadace en todo tipo de espazos de traballo do ámbito da discapacidade, procurando unha especialización das actuacións, de maneira que se fomente unha participación especializada, a través de persoal técnico experto, tanto da federación como das entidades que a conforman, en cada un dos distintos ámbitos profesionais relacionados.

Así mesmo tamén se reforzará o traballo da Fegadace na elaboración de todo tipo de instrumentos reguladores e normativa diversa, a través das plataformas nas que conta con representación (CERMI, FEDACE, EAPN), e todo desde o prisma dun reforzo dos posicionamentos públicos en torno aos resultados do traballo realizado nesta liña.

Ademais, farase fincapé en situar na axenda e dar maior visibilidade ao dano cerebral infantil e xuvenil, máis descoñecido e non tan socialmente perceptible como o que afecta a outros segmentos da poboación.

Expóñense a seguir os obxectivos e accións programadas para o desenvolvemento desta primeira liña estratéxica.

Obxectivo estratéxico: consolidar o papel da Federación como referente principal na atención ao dano cerebral en Galicia.

Obxectivo operativo 1.1 Reforzar a incidencia política da Fegadace nos ámbitos de actuación prioritarios.

ACCIÓNNS

ACCIÓN 1.1.1

Continuidade das accións de incidencia relacionadas coa elaboración do Proceso Asistencial Integrado (PAI) do dano cerebral adquirido.

Axentes
responsables

Federación e entidades. Consellerías de Sanidade e Política Social.

Indicadores

- Nº de reunións celebradas
- Nº de contactos realizados
- Nº de comunicacións
- Nº de persoas participantes por sexo e entidade/institución
- Acordos establecidos
- PAI elaborado

Temporización	2020	2021	2022	2023
---------------	------	------	------	------

ACCIÓN 1.1.2	Deseño e posta en marcha dunha estratexia de acción para o establecemento de novas alianzas e colaboracións con outros departamentos autonómicos, administracións, universidades, sociedades científicas e colexios profesionais.			
Axentes responsables	Federación			
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Nº de actuacións impulsadas (estratexia) • Tipo de actuacións impulsadas (estratexia) • Nº de reunións celebradas • Nº de contactos realizados • Nº de comunicacións • Nº de persoas participantes por sexo e entidade/institución • Acordos establecidos • Colaboracións alcanzadas 			
Temporización	2020	2021	2022	2023

ACCIÓN 1.1.3	Consolidación da participación na Comisión Sociosanitaria establecida entre as Consellerías de Política Social, Sanidade e o CERMI Galicia.			
Axentes responsables	Federación			
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Nº de reunións celebradas • Nº de contactos realizados • Nº de comunicacións • Nº de persoas participantes por sexo e entidade/departamento • Acordos establecidos • Actuacións implantadas 			
Temporización	2020	2021	2022	2023

ACCIÓN 1.1.4	Creación dun Observatorio autonómico do dano cerebral con representantes do ámbito social, sanitario, educativo e laboral.			
Axentes responsables	Federación			
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Nº de actuacións impulsadas • Tipo de actuacións impulsadas • Nº de reunións celebradas • Nº de contactos realizados • Nº de comunicacións • Nº de persoas participantes por sexo e entidade/colectivo • Acordos establecidos • Observatorio creado 			
Temporización	2020	2021	2022	2023

ACCIÓN 1.1.5	Impulso á elaboración e posta en marcha da Estratexia Galega de Atención ao Dano Cerebral.			
Axentes responsables	Federación e entidades. Consellerías de Sanidade e Política Social.			
